

Memoria de actividades realizadas no ano 2024

No ano 2024 a Asociación cultural e musical Solfa realizou, colaborou e organizou as actividades culturais que se sinalan a seguir:

Homenaxe a Rosalía. Sábado 24 de febreiro en San Domingos de Bonaval



A “Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega” (AELG) conmemorou un ano máis o Día de Rosalía de Castro e convidou a participar neste acto á “Asociación cultural e musical Solfa”.

Nesta edición de 2024, Carlos Callón foi a persoa encargada da redacción do Manifesto da AELG, que foi lido no acto central do **Día de Rosalía de Castro**, o sábado 24 de febreiro ás 12:00 horas no Panteón de Galegos Ilustres, en Santiago de Compostela. A coral Solfa no desenvolvemento deste acto interpretou dúas cancións:

- “**A Rosalía**” poema de M. Curros Enríquez escrito con motivo do falecemento da escritora. Música de José Alfredo Oliveira.
- **Estrea da peza “Campanas de Bastavales”** poema de Rosalía de Castro e música de Xosé Carlos Serás Olveira.

Concerto final de curso de Solfa 23/24



A Asociación cultural e musical Solfa celebrou o **luns día 17 de xuño** o seu Concerto final de curso coa participación do Grupo de baile, Grupo de pandeireteiras e mais o Coro de Solfa.

O concerto foi no Centro Sociocultural das Fontiñas ás 19 horas.

Concerto na Praza das Praterías

Solfa organizou un concerto na Praza das Praterías de Compostela o sábado 22 de xuño ás 20 h. Contou coa participación da “Coral Lucus Terra” do IV ciclo do campus de Lugo e “Coral e Pandeireteiras de Solfa”.

Neste concerto puxemos en valor a riqueza cultural e musical da Galiza. Fomos quen de comunicar ao público que a música tradicional trasládanos ao pasado, móstranos o presente para podermos construír o futuro. Conflúen nela o pensamento, a vida e os sentimentos de nós mesmos. O noso canto é memoria. Permite visualizar unha forma de vida e coñecer as nosas tradicións, traballos e reivindicacións. É dicir, todo o que nos fai sentirmonos e sermos galegos e galegas.

“Hoxe nós somos os transmisores dun legado que debemos agrandar e enriquecer. Ninguén o vai facer por nós. Mil primaveras máis para o noso canto!”. Con estas palabras remataba a presidenta a súa presentación.

Fotos do concerto: <https://photos.app.goo.gl/6z2G8qcCotf6EVKk9>

Concerto
22.06.24 / 20 h.
Praza das Praterías

- Coral Lucus Terra
- Coral Solfa
- Grupo de pandeireteiras de Solfa

Coral de Solfa
A Asociación Cultural Manuel Solfa fundouse no barrio das Fontiñas de Compostela, no ano 1997. Centrose o seu traballo na formación musical e no gremio dos músicos, sempre co propósito de contribuir a reflexar e revitalizar a nosa cultura e a normalizar a nosa idioma. O lema do colectivo é: «non desoñamos a nosa vida e a nosa cultura, a nosa vida e a nosa cultura, a nosa vida e a nosa cultura».

Pandeireteiras de Solfa
O grupo de pandeireteiras da Asociación Cultural e Manuel Solfa nace ante a nosa comunidade de cantar e coñecer o repertorio musical tradicional da Galiza. Nos tempos, para contribuir a potenciar a pervivencia do noso canto popular e tradicional. Cuxo lema é: «non desoñamos a nosa vida e a nosa cultura, a nosa vida e a nosa cultura».

Repertorio
Mulleres de Lillanes, Tradicional de Avión, Canteira de Ribeiro
Jota de Sillares, Tradicional de Avión, Canteira de Ribeiro
Ribeirana de Tostón, Tradicional de Mondariz, Canteira de Corchado
Director: Gald Rabeado

O 13 de xullo XI Convivio da Cultura Galega en Outeiro de Rei

Carballreira de Santa Isabel Outeiro de Rei
Romaría Foliada
Sábado 13 de xullo

11:55 Acolida na horta da Casa-Museo Manuel María coa coral Solfa.
13:45 Solfa e o para e caballeiro de Santa Isabel con parada no cemiterio de Outeiro para realizar unha ofrenda a Manuel María e Saleta.
12:30 Actuación na carballreira da Banda de Música Sora e Solas de Rabade, Begonte, Curleiro e Pá, dirixida por Armando Peleáres, e acompañada pola soprano Tabea Graben.
13:45 Xantar de comicio.

O 13 de xullo de 2024, homenaxe ao poeta Manuel María. A “Coral Solfa”, un ano máis, desprazouse a Outeiro de Rei para festexar a XIª edición do *Convivio da Cultura Galega*. Nel estivo moi presente Manuel María e a súa obra.

O acto deu comezo ás 11:00h da mañá na Casa-Museo Manuel María coa benvinda do presidente da Fundación, Alberte Ansele, para finalizar coa actuación da “Coral Solfa”. A seguir, a comitiva desprazouse ao cemiterio onde se levou a cabo un acto en lembranza de Manuel María e de Saleta.

Ás 12:30 h. na carballeira de Santa Isabel, ao pé do río Miño, actuación da *Banda de Música Sons e Soños* integrada por músicos de Rábade, Begonte, Outeiro e Friol. Nesta ocasión estivo acompañada pola proxímiosa cantora Tabea Graser.

A festa continuou á tarde a partir das 16:30 h, cunha foliada conducida por Xurxo Souto que, coa ledicia e bon facer que o caracterizan, introduciu os grupos actuantes: Parabéns, Tradivivas Agra, Vento Mareiro e Reviravolta, para rematar este encontro cos Carunchos.

Durante a mañá, as directivas das entidades que conforman a federación **Galiza Cultura** mantiveron un encontro no auditorio da Casa-Museo.

Proclamar ao mundo que Galiza existe



Vía Galega e Galiza Cultura, plataformas en que está integrada a “Asociación cultural e musical Solfa”, convidaron todos os socios/as á inauguración da exposición “**ROSALÍA: proclamar ao mundo que Galiza existe**” que tivo lugar no **Museo do Pobo Galego o mércores día 25 de setembro ás 19:00 h**. Esta exposición, con textos de Francisco Rodríguez, conxuga tres aspectos determinantes para coñecer e valorar a figura e a obra de Rosalía de Castro:

- A súa biografía
- O contexto histórico e socio-cultural en que se desenvolve e
- O sentido e a vixencia da súa obra

Encontro coral na Serra de Outes



Sábado 26 de outubro de 2024, ás 20.30h. encontro na capela da Serra de Outes organizado pola “Coral Francisco Añón” de Outes. En primeiro lugar interveu a “Coral de Solfa”, a seguir a “Coral Agustín

González” de Louro, logo a “Coral María Auxiliadora” de Vigo, e pechou o encontro a anfitriñoa, a “Coral Francisco Añón”. Este encontro contou coa colaboración da Deputación da Coruña.

A Coral de Solfa interpretou:

- **Torre de Hércules** (Letra: Francisco Añón Música: Francisco Tobar Cereijo)
- **Costureiriña bonita** (Letra e música popular Arr.: Francisco Tobar Cereijo)
- **O Carro** (Letra: Manuel María Música: Xosé Luís Rivas Arr.: M. Ángel Vivo)
- **Ó rama, ó que linda Rama** (Canción popular portuguesa Harm: Adelino Martíns)

Fotos do encontro: <https://photos.app.goo.gl/LnHSzyorshUyXQ8J7>

Concerto de Música Coral – 9 de novembro



A Asociación cultural e musical Solfa organizou o **Concerto de Música Coral** o sábado 9 de novembro, no Centro Sociocultural das Fontiñas. Este evento deu comezo ás 19.00h. coa “Coral Francisco Añón” e pechou a “Coral de Solfa”.

Agradecemos a colaboración da Deputación da Coruña e animamos a todos os veciños e veciñas de Santiago a gozar con nós do noso canto.

- Programa do concerto

Fotos do encontro: <https://photos.app.goo.gl/uVJVx8zFu6Uj45Yg6>

Certame Memorial en Conxo – 30 de novembro



O día 30 de novembro ás 19.30h. na Igrexa da Mercé de Conxo celebrouse o **Certame Memorial** na lembranza de José Luís Segade Ferreiro e Juan García Puente.

A “Coral de Solfa”, xuntamente co “Orfeón Ría de Muros”, “Coral Polifónica Trasdeza”, “Coro de Habaneras Rocha Forte” e “Coro Crecente Voces Graves” de Conxo, fixeron deste concerto unha grande homenaxe a dous compañeiros falecidos recentemente.

Fotos do Certame Memorial: <https://photos.app.goo.gl/MFxG9coNat6AFkZz7>

Festival de Panxoliñas en Melide



A “Coral de Solfa” o día 14 de decembro participou no concerto do **Festival de Panxoliñas** en Melide. Festival organizado pola “Coral polifónica de Melide” que contou coa colaboración da Deputación da Coruña.

Este concerto deu comezo ás 19.30 no “Centro Cultural Mingos de Pita” e interviñeron en primeiro lugar a “Coral de Solfa”, seguidamente o “Orfeón Xoán Montes” de Lugo e pechou o acto a “Coral polifónica de Melide”.

Cantar a nación. Aniversario da estrea do Himno Galego



O día 20 de decembro cumpríronse 117 anos da solemne estrea do himno nacional galego no Gran Teatro da Habana. Após os esforzos denodados dos galeguistas, culminouse este feito histórico relevante xa que o Himno é un símbolo nacional que fortalece a nosa autoestima, identifícanos e represéntanos colectivamente e sustenta a nosa vontade de sermos e existirmos como pobo, ao tempo que reclama o dereito a sermos libres.

Vía Galega e Galiza Cultura programou actos para o venres día 20 de decembro en diferentes localidades de Galiza co obxectivo de conmemorar esta efeméride, reclamar a restauración do texto do himno conforme ao texto orixinal creado por Eduardo Pondal, e promover a súa divulgación e popularización respectando o *tempo* musical con que o concibiu o seu autor, Pascual Veiga.

A coral da “Asociación Cultural e Musical Solfa” participou de novo no acto de Compostela, que tivo lugar no Teatro Principal o venres 20 de decembro ás 20:00h. compartindo escenario coa “Coral la Salle” e o grupo “De Vacas”.

Concerto de corais veciñais



O luns 23 de decembro de 2024 o Concello de Santiago organizou, dentro do programa de Festas do Nadal, un **Concerto de corais veciñais** na igrexa de **San Fiz de Solovio**. Actuou a “Coral Amigos” do Castiñeiriño, a Asociación cultural “Pena Maior” de Marrozos e a “Coral da Asociación Cultural e musical Solfa”.

Houbo dous pasos: Ás 18:00 h e mais ás 19.30 horas

O noso repertorio:

- Paxariños que voades
- Panxoliña encantada
- Canção de Natal

Fotos do Concerto de corais veciñais: <https://photos.app.goo.gl/mKHzyYFLsVdLprmk9>

As Corais de Compostela cantan o Nadal



Concerto no Centro Sociocultural das Fontiñas o venres **27 de decembro ás 19:30h.**

Dentro do programa de festas do Nadal, o Concello de Santiago contou con dez corais de Compostela para festexarmos todos xuntos estas datas. En concreto foron 5 concertos en que

participaron 10 corais de Compostela que percorreron os barrios de Conxo, Aríns, Castiñeiriño, Vite e remataron o día 27 no barrio das Fontiñas.

No noso barrio actuou a “Coral Obradoiro de Voces Libredón” e a “Coral de Solfa”

Fotos do concerto; As Corais de Compostela cantan o Nadal:
<https://photos.app.goo.gl/Qz4TpvuLD64RnB2Q7>